



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Marzo 2022


Santiago de Compostela, 6 de maio de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en marzo de 2022 un descenso do 10,0% con respecto a marzo de 2021, mentres que a nivel nacional rexistrouse un crecemento interanual do 1,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 12,4%; os bens de equipo e os bens intermedios decreceron un 26,7% e un 7,3% respectivamente. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 22,5%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “confección de roupa de vestir” que suma 1,8 puntos, a “industria da madeira e da cortiza” que engade 1,5 puntos e a “fabricación de bebidas”, que achega 1,3 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 6,4 puntos, a “producción de enerxía eléctrica”, que resta 4,8 puntos e a “metalurxia” que minora 1,5 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2022



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de marzo de 2022 rexistrou en Galicia un descenso do 10,0% en taxa interanual, empeorando en 3,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-6,5%). En España, rexistrouse un aumento do 1,1%, empeorando en 3,0 puntos a taxa acadada no mes anterior (4,1%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 12,4%, o que engade 3,3 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -26,7%, o que resta 6,5 puntos.
- Os **bens intermedios** caen un 7,3%, cunha repercusión negativa de 2,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 22,5% restando 4,8 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de febreiro de 2022, por destino económico, os bens de consumo empeoran 6,6 puntos, os bens de equipo melloran 15,9 puntos, os bens intermedios empeoran 27,6 puntos e a enerxía mellora 18,7 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de marzo foron: a “confección de roupa de vestir” que suma 1,8 puntos, a “industria da madeira e da cortiza” que engade 1,5 puntos e a “fabricación de bebidas”, que achega 1,3 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 6,4 puntos, a “produción de enerxía eléctrica”, que minora 4,8 puntos e a “metalurxia” que resta 1,5 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de marzo moveuse entre o -10,0% de Galicia e o 15,9% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Extremadura (9,1%), Navarra (8,1%), Canarias (6,7%), Madrid (6,6%), La Rioja (5,0%), Murcia (3,5%), País Vasco (2,6%), Andalucía (2,4%), Cataluña (2,2%) e Aragón (1,2%).

IPI Marzo 2022 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	101,2	-10,0	-5,5	--	--
Bens de consumo	148,4	12,4	17,9	3,3	4,3
Bens de equipo	78,2	-26,7	-13,0	-6,5	-3,2
Bens intermedios	113,3	-7,3	5,2	-2,0	1,3
Enerxía	71,1	-22,5	-30,8	-4,8	-7,9
España					
Xeral	113,1	1,1	3,1	--	--
Bens de consumo	117,5	6,0	7,0	1,5	1,8
Bens de equipo	116,6	0,4	1,7	0,1	0,4
Bens intermedios	117,7	-3,2	1,4	-1,1	0,5
Enerxía	98,0	2,8	2,3	0,5	0,5

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Marzo 2022

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderación
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-10,0		-5,5		
Confección de roupa de vestir	31,0	1,8	58,5	2,6	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	35,9	1,5	55,8	2,3	3,6
Fabricación de bebidas	40,4	1,3	38,3	1,1	3,5
Fabricación de mobles	18,6	0,4	33,7	0,5	1,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	16,2	0,3	22,1	0,5	2,0
Industria do papel	13,8	0,3	-6,6	-0,1	2,2
Industria da alimentación	1,0	0,2	2,3	0,3	13,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	0,7	0,0	2,4	0,1	4,1
Outras industrias manufactureiras	-1,0	0,0	18,8	0,1	0,5
Industria química	-2,6	0,0	26,3	0,3	1,5
Industria téxtil	-18,4	-0,1	-16,1	-0,1	0,6
Outras industrias extractivas	-10,9	-0,1	15,3	0,1	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-5,1	-0,1	10,1	0,3	2,6
Fabricación doutro material de transporte	-25,8	-0,3	-20,5	-0,2	2,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-6,2	-0,5	5,5	0,4	7,7
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-39,1	-0,7	-29,2	-0,5	1,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-27,3	-0,8	-11,7	-0,3	2,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-28,6	-1,5	-16,6	-0,8	5,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-27,1	-4,8	-38,7	-8,5	22,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-46,5	-6,4	-27,7	-4,1	13,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Marzo 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	113,1	1,1	3,1
Galicia	101,2	-10,0	-5,5
Andalucía	96,7	2,4	7,5
Aragón	114,9	1,2	1,7
Asturias	106,3	0,5	6,7
Baleares (Illes)	88,8	15,9	12,5
Canarias	98,4	6,7	5,7
Cantabria	123,0	-5,6	-1,8
Castilla - La Mancha	109,3	0,9	4,2
Castilla y León	96,5	-7,3	-7,6
Cataluña	119,0	2,2	1,5
Comunitat Valenciana	114,1	-3,8	3,1
Extremadura	106,1	9,1	1,1
Madrid	126,0	6,6	5,3
Murcia	119,4	3,5	11,6
Navarra	129,7	8,1	10,0
País Vasco	115,3	2,6	6,4
Rioja (La)	101,0	5,0	4,3

Fonte: INE